

Concello de Outes

EXPEDIENTE: 350/2020

ASUNTO: SELECCIÓN MONITOR VELA ACTIVIDADES VERÁN

RESOLUCIÓN ALCALDIA

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA), na data que figura á marxe, dito a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES

Con datas de nove e dez de xuño pasados elaboráronse por parte desta Alcaldía unha memoria xustificativa da necesidade da contratación dun monitor/a de vela para realizar a actividades de verán no clube náutico do Freixo e tamén unha proposta de bases que rexirán no proceso selectivo de contratación do antedito persoal.

Con data 17 de xuño, achégase ao expediente informe de fiscalización por parte dos servizos de Intervención dos anteditos documentos, nos que sinalan unha serie de observacións e tamén formula un reparo (nº 2020-0015) no que sinala a inadecuación do tipo de contrato laboral temporal por considerar que se dan os requisitos para a contratación fixa.

Considerando que o fundamento do reparo baséase en que este tipo de contratacións son cíclicas pero reiteradas no tempo, pódense considerar que estas actividades son estruturais no concello. Neste senso, cabe advertir que as actividades tanto deportivas como culturais municipais parten dunha programación que se renova e revisa anualmente, tanto as de período estival como as de inverno, polo que non se pode garantir que non se produzan variacións nas mesmas, isto é, que o feito de que algunha actividade se repita algúns anos non significa que teña unha programación fixa ao longo do tempo. Por outra banda, o concello aprobou en decembro de 2018 a súa primeira relación de postos de traballo (RPT), na que, tras os estudos técnicos realizados pola empresa adxudicataria dos traballos, se considerou que os postos desta tipoloxía non deberían considerarse estruturais, precisamente pola posibilidade de variar a oferta das actividades culturais e deportivas dun ano para outro.

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Por outra banda, e seguindo as recomendación do antedito informe de fiscalización, suprímese a eliminación do proceso selectivo de non presentarse os aspirantes á entrevista.

A mais, considérase que nesta contratación concurren as circunstancias excepcionais descritas xa na memoria obrante no expediente e tamén queda acreditada que dita contratación é necesaria para cubrir a necesidade urxente e inaprazable de dotar a escola municipal de vela dun monitor/a para desenvolver as súa actividades a partires do vindeiro seis de xullo.

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Solventar o reparo 2020-0015, formulado pola Interevencion municipal e ordear a continuación do expediente.

SEGUNDO.- Declarar a urxente e inaprazable necesidade da contratación obxecto deste proceso selectivo.

TERCEIRO. - Avocar para este asunto concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-171, do 28 de xuño e aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos que a continuación se transcriben:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR UN MONITOR/A DE VELA DA CAMPAÑA DE VERÁN 2020.

1ª) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A selección, mediante concurso de méritos, de un traballador/a para desempeñar as funcións de monitor de vela durante a campaña de verán 2020.

2ª) CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

POSTO DE TRABALLO	MONITOR VELA
NÚM. PRAZAS	1
RETRIBUCIÓNS	1.108,33 € mensuais
DURACIÓN DO CONTRATO	6 xullo- ata 31 agosto 2020
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral temporal, para obra ou servizo determinado
XORNADA	Completa
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	341-13100

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

3ª) OBXECTO DO CONTRATO.

O monitor/a de vela realizarán os traballos de ensinanza e adestramento dos participantes nos cursos desa especialidade deportiva que organice o Concello.

4ª) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter o título que sinala a Base 5ª ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente validación ou homologación.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.



Concello de Outes

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

5ª) REQUISITOS PARTICULARES DOS PARTICIPANTES.

- Monitor/a de vela: deberá ter o título de monitor de vela, auxiliar de vela, ou equivalente.

6ª) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello <https://outes.gal/es>, nun dos xornais de mais tirada na comarca e no taboleiro de anuncios do Concello.

7ª) SOLICITUDES.

As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ó Sr. Alcalde, axustada ao modelo que se prevé no Anexo I destas bases, á que achegarán os seguintes documentos:

- a) DNI (orixinal ou copia auténtica);
- b) Títulos e autorizacións esixidas (orixinal ou copia auténtica);
- c) Documentación xustificativa dos méritos que se aleguen (orixinal ou copia auténtica);
- d) Declaración responsable de non estar inscrito no Rexistro Central de delincuentes sexuais e compromiso de certificación negativa se é seleccionado/a;

Se algunha desta documentación xa estivera en poder do Concello, deberase indicar esta circunstancia expresamente e anualidade en que se presentou.

8ª) PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



Concello de Outes

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles, a contar desde a data da publicación das bases na páxina web e sede electrónica do Concello.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello, accesible directamente a través do portal do Concello <https://outes.sedelectronica.gal/> ; ou presencialmente no rexistro xeral do Concello, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00h, así como por medio de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Por mor da situación derivada do COVID-19, aqueles interesados/as na presentación da documentación de xeito presencial deberán pedir cita previa no teléfono 687854447.

9º) ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión, concedendo un prazo de emenda de 2 días hábiles. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a lista definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas da realización das probas aos aspirantes.

A lista, ó igual que todos os acordos e resolucións do tribunal publicarase na páxina dixital do Concello- <https://outes.gal/es> - e no taboleiro de anuncios do Concello, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.

10º) MÉRITOS

1. Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou federacións deportivas, ou homologados por elas, **ata un máximo de 4,00 puntos:**

-de menos de 15 horas: 0,10 puntos;

-de 16 a 40 horas: 0,20 puntos;

-de 41 a 70 horas. 0,35 puntos;

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos;
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- Outras titulacións relacionadas co posto: 0,75 puntos.

2. Experiencia

- De monitor/a na correspondente especialidade en Administracións Públicas: 0,25 puntos/mes.
- De monitor/a na correspondente especialidade en empresas privadas: 0,20 puntos/mes.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes puntuaranse proporcionalmente tomando como base un mes de 30 días.

A experiencia acreditarase mediante certificación expedida pola Administración correspondente ou mediante certificado de empresa, facendo constar a duración dos servizos prestados, denominación do posto e tarefas desvoltas.

A puntuación máxima que se pode acadar pola experiencia será de **4,00 puntos**.

3. Entrevista curricular. Ten por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o seu perfil curricular. Puntuarase ata un **máximo de 3,00 puntos** e poderase prescindir da entrevista se o número de aspirantes admitidos non superan o de postos de traballo que se convocan. Os aspirantes serán convocados á entrevista por anuncio na páxina dixital da Corporación <https://outes.gal/es> cunha antelación mínima de 24 h.

11º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:

- Presidente: O dinamizador cultural e xuvenil, Santiago Severino Nieto Romarís, ou persoa que legalmente o substitúa.



Concello de Outes

- Vogais: a técnico-auxiliar de urbanismo, Sofía Pérez Figueira e a traballadora social, Berta Buján Casanova, ou persoas que legalmente as substitúan.

- Secretaria: a educadora familiar do Concello, Juana Pedrosa Leis, ou persoa que legalmente a substitúa.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma. A estes efectos prevese un máximo de catro sesións por categoría convocada.

12º) Puntuación final e nomeamento.

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterá os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os candidatos que obtiveron máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de candidatos admitidos formaranse bolsas de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas. O nomeamento do persoal seleccionado publicárase na páxina dixital da Corporación.

-Reglas de funcionamento da bolsa de emprego:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa (certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais e certificado médico de estar apto para as tarefas a desenvolver). No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das



Concello de Outes

anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

Os aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días hábiles, o certificado médico de non padeceren enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

4) Esta bolsa de emprego estará vixente ata que se constitúa outra de análogas características e, como máximo por un período de 3 anos, posibilitando deste xeito contratacións futuras, en aras á eficiencia na actuación administrativa municipal.

13º) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contratos formalizarase por escrito cos aspirantes seleccionados no prazo máximo de cinco días des que se publique o nomeamento. Os candidatos seleccionados presentarán a certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delincuentes sexuais e certificado médico oficial de estar apto para desempeñar os traballos encomendados. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días, agás no caso dos monitores de tempo libre, que será de cinco días.

14º) RETRIBUCIÓN.

As retribucións son as que figuran na base 2ª e teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

15ª) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos ás Leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común



Concello de Outes

das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

16º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo coa *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

O alcalde

Perante min,
A secretaria

D. Manuel González López

Da. Minia Astray Barca

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

D. titular do D.N.I.
núm. e endereço a efectos de notificacións
en..... rúa..... nº..... piso.....
C.P.

Teléfono.:

Correo electrónico:

Medio de notificación preferente (marque cun "x"):

- Correo electrónico
- Correo ordinario

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Outes, para unha praza de
.....
..... de acordo ás bases publicadas,
que declara coñecer e aceptar;

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases e comprometéndose a
achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado,

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- D.N.I.
- Documentos acreditativos dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Do mesmo xeito, tal e como esixen as bases da convocatoria no seu apartado sétimo,
DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Non estar inscrito no Rexistro Central de delincuentes sexuais, comprometéndome a achegar a correspondente documentación acreditativa no caso de resultar seleccionado;

En _____, a de..... de 2020.

Asdo.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTES.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (B.O.E. 294, do 6 de decembro de 2018), os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Outes relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.

